

CONVOCATORIA DE AXUDAS Á INVESTIGACIÓN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS, DESTINADOS AO DESENVOLVEMENTO DE MEDIDAS DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, PARA O ANO 2025

Primeiro: A Universidade de Santiago de Compostela, de acordo cos seus Estatutos, é unha institución de dereito público dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos campus de Santiago de Compostela e Lugo, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que desfruta de autonomía, de acordo con estes estatutos e no marco da lexislación vixente.

Segundo: Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela recollen no seu artigo 4.4 que para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a USC propiciará o establecemento de relacións con outras universidades, organizacións e institucións, e moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural. E no punto 7 do mesmo artigo dispón que a Universidade de Santiago de Compostela garantirá a aplicación do principio de igualdade de xénero. Co fin de facer efectivo o obxectivo de igualdade entre homes e mulleres aquí proclamado, créase a Oficina de Igualdade de Xénero que ten como misión fundamental a de levar a bo termo o compromiso da Universidade de Santiago de Compostela coa sociedade na consecución da igualdade real entre homes e mulleres, asumindo os principios de dignidade humana con independencia do sexo das persoas, igualdade e equidade de xénero como elementos fundamentais da actividade universitaria, facéndoo operativo a través do actual III Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (III PEIOMH), entre cuxas áreas de actuación inclúese a referida ao “acoso e violencia de xénero” na que se inclúe como unha das accións a implementar a convocatoria propia para a realización de proxectos de investigación destinados ao desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Terceiro: Que o Eixo 1 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, recolle medidas relativas á prevención e á sensibilización fronte a violencia de xénero, prevendo a posta en marcha de accións dirixidas a sensibilizar a toda a sociedade sobre o dano que producen a desigualdade as condutas violentas e a axudar á toma de conciencia

sobre a magnitude do problema da violencia contra as mulleres e as consecuencias que ten para a súa vida e a dos seus fillos e fillas. Estas actuacións terán como destinatarios principais a nenos e nenas, a adolescentes e á mocidade, para que interioricen a igualdade como un valor esencial para a convivencia entre mulleres e homes.

Por outra banda, o Eixo 8 recolle medidas relativas a visualización e atención a outras formas de violencia contra as mulleres, como a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, a violencia sexual a mutilación xenital feminina e os matrimonios forzados. De conformidade co Convenio do Consello de Europa para previr e combater a violencia contra a muller incluíranse todos os actos de violencia baseados no xénero que impliquen ou podan implicar para as mulleres danos ou sufrimentos de natureza física, sexual, psicolóxica ou económica, incluídas as ameazas de realizar ditos actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, na vida pública ou privada.

Cuarto: Co anterior escenario, a Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela formalizaron un Convenio para o Desenvolvemento de Medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, entre as cales figuran a promoción de proxectos de investigación destinados ao desenvolvemento das referidas medidas para o ano 2025.

Artigo 1. Obxecto e finalidade da convocatoria.

1. Pola presente resolución convócanse para o exercicio 2025, en réxime de concorrència competitiva, axudas para proxectos de investigación, destinados ao Desenvolvemento de Medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
2. Para a concesión das axudas reguladas nesta convocatoria, consideraranse proxectos de investigación dirixidos ao desenvolvemento dunha ou varias das accións seguintes (asociadas ás correspondentes medidas do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero):
 - ✓ Estudos sobre o impacto do acoso, as agresións e os abusos sexuais no ámbito universitario (medida 8)
 - ✓ Estudo sobre a situación das mulleres maiores de 65 anos que sofren violencia de xénero.(medida 100)
 - ✓ Estudo sobre a situación dos menores (custodia, réxime de visitas, relacións co pai maltratador...)(medida 202)

- ✓ Investigación en violencias sexuais: estudos diagnósticos, desenvolvemento estatístico, unificación de datos e publicidade dos mesmos. Estudos de prevalencia e deseño de indicadores para todos os tipos de violencias sexuais (medida 255)
 - ✓ Estudo sobre as novas realidades da Trata e as respostas operativas que deben implementarse para que as actuacións policiais teñan maior facilidade á hora de intervir en espazos de alto nivel de control por parte dos proxenetas, incluídas as vivendas (medida 264)
 - ✓ Sistemas de análise estatística que recolla as violencias machistas que sofren as mulleres que exercen a prostitución.(medida 267)
3. O período de execución dos proxectos será o comprendido entre o 01 de xaneiro de 2025 e o 28 de novembro de 2025.

Artigo 2. Contía da axuda

As axudas que se concedan de conformidade a esta resolución financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria **8304-4521-28500** para o exercicio 2025, cun importe máximo de ata 26.000 €. O importe individualizado de cada axuda concedida establecerase atendendo á puntuación acadada e aos criterios obxectivos de valoración, recollidos no artigo 7 desta convocatoria.

Artigo 3. Requisitos das persoas solicitantes da axuda.

Poderá solicitar estas axudas o persoal docente e investigador (PDI) a tempo completo en servizo activo na Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 4. Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento de concesión da subvención e prazo de resolución e publicación.

1. O órgano competente para a ordenación e instrución do procedemento de concesión é a Vicerreitoría de Política Científica.
2. O exame e valoración das solicitudes levarase a cabo por unha Comisión de Avaliación, coa seguinte composición:
 - Presidencia: Pilar Bermejo Barrera, vicerreitora de Política Científica ou persoa na que delegue.

- Vogal: Pilar Murias Fernández, vicerreitora de Estudantes e Cultura ou persoa na que delegue.
- Vogal: Gumersindo Feijoo Costa, vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación ou persoa na que delegue.
- Vogal: Gumersindo Guinarte Cabada, director do Instituto de Criminoloxía ou persoa na que delegue.
- Secretaria: Sonia Esperanza Rodríguez Boente, delegada do reitor para a Igualdade.

O funcionamento da Comisión de Avaliación axustarase ao previsto na Sección 3ª, do Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, relativo aos órganos colexiados.

3. Avaliaranse unicamente as solicitudes que, presentadas en prazo, cumpran os requisitos establecidos nesta convocatoria, e despois de realizarse, de ser o caso, o correspondente trámite de emenda.
4. Avaliadas as solicitudes presentadas, a Comisión de Avaliación formulará un informe na que concretará o resultado da avaliación efectuada, e, igualmente, realizará unha proposta ao órgano instrutor na que se incluírá a asignación orzamentaria das axudas. Para a determinación da contía individualizada da axuda, terase en conta a puntuación acadada na avaliación pola la Comisión indicando as solicitudes favorables a súa concesión, coa contía a conceder a cada unha delas.
5. O órgano competente para a resolución do procedemento, a proposta da Comisión, é o reitor.
6. O prazo máximo de resolución será de 1 mes dende o remate de presentación das solicitudes.
7. Unha vez resolta a convocatoria, publicarase, no taboleiro electrónico da USC, a relación de solicitudes aprobadas, indicando o importe da axuda concedida e, no seu caso, unha lista de reserva debidamente ordenada pola puntuación obtida de acordo cos criterios de valoración, para o caso de que se produza renuncia expresa, non aceptación da axuda na forma e prazos establecidos, ou aparición de circunstancias que impidan o cumprimento de dos requisitos exixidos.
8. A resolución, poñerá fin á vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano ditou a resolución, e nos termos previstos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1

de outubro, ou ben interpoñerse directamente recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro electrónico da USC, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen que poidan simultanearse ambos os dous recursos.

Artigo 5. Prazo de presentación de solicitudes e documentación requirida.

1. O prazo de presentación de solicitudes, será de **dez días naturais** a contar dende o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no taboleiro electrónico da USC

(<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>).
2. As solicitudes, dirixidas á Vicerreitoría de Política Científica, presentaranse a través do rexistro electrónico da USC. Na solicitude deberá indicarse que desexa participar na convocatoria de axudas para a realización de proxectos contra a violencia de xénero 2025. (**Non é preciso achegar ningunha documentación no momento de realizar este rexistro**)
3. Presentada pola persoa interesada a solicitude no rexistro electrónico da USC e recepcionada pola Subárea de Convocatorias e RRHH de I+D, enviarase á persoa solicitante un **correo electrónico** no que se lle solicitará os datos e os seguintes documentos complementarios precisos para avaliar a solicitude:
 - ✓ **Descrición do proxecto**, que recolla, como mínimo, os seguintes elementos:
 - Título
 - Resumo
 - Proposta científica: Antecedentes e estado actual, Hipótese de partida e obxectivos xerais, obxectivos específicos, metodoloxía e cronograma.
 - Impacto esperado dos resultados
 - ✓ **Orzamento**: incluído un desglose de todos os gastos a financiar.
 - ✓ **Currículo Vitae Abreviado (CVA)**, da persoa responsable do proxecto e dos membros do equipo de investigación

- ✓ **Declaración responsable** da investigadora ou investigador principal de que non percibe ou ten solicitado axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, incompatibles coa axuda solicitada (incluída no formulario).
- 4. Aquelas solicitudes que non reuniran os datos de identificación correspondentes, toda a documentación requirida ou adoequera de calquera outro defecto susceptible de subsanación, de conformidade co previsto no artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, disporán dun prazo de 3 días hábiles, desde o seguinte á publicación no taboleiro electrónico da relación provisoria de solicitudes admitidas e excluídas, para subsanar as faltas ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, si así non o fixeran, se lle terá por desistidos da súa solicitude.

Artigo 6. Aceptación da axuda concedida

Resolta a convocatoria, as persoas beneficiarias da axuda deberán presentar no prazo máximo de 3 días hábiles a partir da publicación da resolución, o documento de aceptación expresa da axuda concedida, a través do rexistro electrónico da USC, dirixido á Vicerreitoría de Política Científica, segundo o modelo que figura como **Anexo I**).

Si algunha das persoas beneficiarias renunciase expresamente ou non aceptase a axuda no prazo e forma sinalados neste artigo, o órgano concedente poderá acordar a concesión da axuda ao seguinte solicitante seguindo a orde de puntuación da listaxe de reserva.

Artigo 7. Criterios de valoración das solicitudes.

Os criterios de valoración que se terán en conta para a concesión da axuda en razón da súa finalidade, natureza e características, son os seguintes:

1. Xustificación do proxecto (máximo 40 puntos)
 - a) Análise da situación a abordar (máximo 20 puntos): valorarase a presentación dun diagnóstico da situación que se pretende abordar, no que se identifiquen os problemas e as necesidades ás que se pretende dar cobertura. Daráselles prioridade ás investigación que aborden o estudo da trata co fin de contribuír ao

cumprimento do Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación.

- b) Coherencia do proxecto no seu conxunto (máximo 20 puntos): valorarase a adecuación dos obxectivos e actividades recollidos no programa de traballo ao diagnóstico presentado, ao calendario, ao orzamentario e aos medios a disposición do proxecto.

2. Contido do proxecto (máximo 40 puntos):

- a) Proposta dunha actuación integral (máximo 20 puntos): valorarse a presentación dun programa de traballo que configure unha estratexia integral de actuación dirixida a dar cobertura ás necesidades identificadas no diagnóstico.
- b) Equipo de traballo. (20 puntos, ata un máximo de 10 puntos por indicador).
- Experiencia e idoneidade: Do equipo do proxecto e relación do proxecto coas súas actividades docentes e investigadoras.
 - Capacidade de xestión: Do equipo de traballo, mecanismos de organización interna e metodoloxía de traballo proposta.

3. Seguimentos, avaliación e medición de resultados. (20 puntos, ata un máximo de 5 puntos por indicador).

- **Avaliación:** Existencia de mecanismos de avaliación adecuados para medir o impacto e os resultados da acción.
- **Difusión:** Existencia de actividades axeitadas de difusión das actividades e dos resultados do proxecto
- **Seguimento:** Existencia de mecanismos axeitados de seguimento durante o desenvolvemento do proxecto
- **Aspectos innovadores do proxecto.** Valor engadido do proxecto e existencia da creación o do reforzo de redes entre os socios e/ou outros actores

Artigo 8. Actividades e gastos subvencionables.

1. Serán subvencionables as actividades asociadas directamente á execución do proxecto presentado, sempre que aparezan descritas na documentación presentada, se correspondan co obxecto da presente convocatoria e estean referidas a algún dos ámbitos de actuación do artigo 1 desta resolución.
2. En particular, serán subvencionables os gastos referidos a actividades realizadas no período comprendido entre o 01 de xaneiro de 2025 e o 14 de novembro do

2025, que estean soportados por facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e que sexan efectivamente pagadas no citado período. No caso dos contratos de persoal que se efectúen con cargo ás distintas axudas concedidas, o prazo límite de contratación será o 31 de outubro de 2025.

3. Son gastos subvencionables os seguintes:

- o **Gastos de persoal contratado** para a execución de dito proxecto a través de convocatoria pública, debendo constar no contrato de traballo a referencia ao proxecto no marco da correspondente medida do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
- o **Material funxible**
- o **Enquisas e traballos de campo**
- o **Asistencias técnicas e subcontratacións**
- o **Gastos de mobilidade e dietas** (calculados de acordo co Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo)
- o **Gastos de difusión, seminarios ou comunicación**

4. Non son gastos financiáveis os gastos de equipamento nin gastos de persoal estrutural da USC.

Artigo 9. Pago da axuda.

O total da axuda se librará coa súa aceptación de conformidade cos procedementos, requisitos e termos establecidos nas Normas de Execución do Orzamento da USC e na normativa que resulte de aplicación.

Artigo 10. Inicio, seguimento e desenvolvemento dos proxectos

A data de inicio das actividades non poderá ser anterior ao 01 de xaneiro de 2025, nin rematar con posterioridade ao 14 de novembro de 2025.

Cando durante a execución do proxecto se produzan circunstancias obxectivas que afecten aos obxectivos, resultados ou á persoa beneficiaria que produzan desviacións no orzamento, deberán motivarse convenientemente na memoria científico-técnica final. Antes do 28 de novembro, a investigadora ou investigador principal deberá achegar á Oficina de Igualdade de Xénero por correo electrónico (oix@usc.gal) unha memoria final científico-técnica, en formato editable, que inclúa a descrición da totalidade das actividades realizadas e na que se recollerán os

medios humanos e materiais empregados, as experiencias do funcionamento e, de ser o caso, as persoas participantes en cada actuación desagregadas por sexo. A devandita memoria ha de conter os logotipos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero; do Ministerio de Igualdade; da Xunta de Galicia e dos demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia; e da USC. Ademais, deberá entregarse unha versión resumida en formato presentación que se adecuará ao modelo da convocatoria. Nesta versión incluíranse os principais resultados de investigación para que os poida difundir a Dirección Xeral contra a Violencia de Xénero.

Artigo 11. Obrigacións das persoas beneficiarias

A participación neste convocatoria por parte das persoas solicitantes implica a aceptación e cumprimento das súas normas dos seus requisitos e en concreto:

- a) Realizar as actividades descritas na súa solicitude e responsabilizarse da súa correcta execución.
- b) Realizar o proxecto para o que se concede a axuda de conformidade co obxecto e/ou finalidade para a que se concede.
- c) Desenvolver unha xornada de difusión dos resultados do proxecto dirixida á comunidade universitaria e público en xeral.
- d) Incorporar de forma visible os logotipos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero; do Ministerio de Igualdade; da Xunta de Galicia e demais logotipos estipulados pola CCAA; e da USC no material e actividades que se desenvolvan e para a difusión do proxecto. Así mesmo, facer constar expresamente en toda a publicidade ou presentación pública que se realice que están a ser financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade).
- e) Entregar a memoria científico técnica final no prazo establecido no artigo 10 desta convocatoria.
- f) Someterse ás actuacións de supervisión e control que poidan realizar os órganos competentes, aportando tanta información sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Artigo 12. Reintegro as axudas

Serán causa de reintegro das cantidades percibidas, as seguintes:

1. Incumprimento total ou parcial do proxecto ou sobre o calendario de execución das actividades.
2. O incumprimento da obriga de entregar a memoria final científico-técnica nos termos e prazos sinalados nesta convocatoria.
3. Calquera modificación significativa sobre o contido do proxecto que non sexa autorizada previamente pola Vicerreitoría de Política Científica.
4. O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos polo persoal beneficiario da axuda recollidos na presente convocatoria.

Disposición final primeira. Réxime Xurídico

O que non estea previsto nesta resolución lle será aplicable o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e no Convenio para o Desenvolvemento de Medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero asinado entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela.

Disposición final segunda. Entrada en vigor.

A presente resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro electrónico da USC.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O reitor

Antonio López Díaz

ANEXO I

ACEPTACIÓN DAS AXUDAS Á INVESTIGACIÓN DA USC PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DESTINADOS AO DESENVOLVEMENTO DE MEDIDAS DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2025

DATOS DA PERSOA INVESTIGADORA QUE OBTIVO A AXUDA

Apelidos, nome:

Pasaporte/NIE/NIF:

En virtude da solicitude presentada de conformidade coa Resolución reitoral do xx de xuño de 2025, pola que se establecen as axudas á investigación da universidade de Santiago de Compostela para a realización de proxectos, destinados ao desenvolvemento de medidas do pacto de estado contra a violencia de xénero, publicada o xx de xuño de 2025 no Taboleiro Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela, manifesta a **ACEPTACIÓN** da subvención proposta e das condicións establecidas na referida resolución.

Santiago de Compostela, a

Asinado:

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
11/06/2025 13:31:40.

CSV: 6388-E3BC-42EC-ABC7